



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NUM. 03/2016

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE PLENO DE DATA 21 DE MARZO DE 2016

En Soutomaior a 21 de marzo de 2016, sendo as trece horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.ª M.ª Dolores Cernadas García, D.ª Cristina González Piedras, D.ª Noelia Ocampo González, D.ª Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.ª María Menduiña Durán, D.ª M.ª Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.ª Olalla Obelleiro Hermida e D.ª Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria, D.ª Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 02/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 02/16, de data 5 de febreiro de 2016.

A devandita acta é aprobada con oito votos a favor (dos sete membros do PP e da membro do GM) e cinco abstencións (dos cinco membros do BNG).

2º.- APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL 2016

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda que di:
Os membros da Comisión examinan o Orzamento Xeral formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio de 2016, de acordo có art. 168 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con tódolos documentos expresados no mesmo, unha vez incorporados ó expediente os informes da Secretaria-Interventora e Adxunta a Secretaría-Intervención, ó que se refire o nº 4 do citado artigo e sometido a Mesa de Negociación.

A Comisión, de conformidade có art. 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril e 1168.4 da Lei 39/88, de 28 decembro, propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar inicialmente o Orzamento para o ano 2016, cós anexos que no mesmo constan, ascendendo tanto no estado de ingresos como no estado de gastos á cantidade de CATRO MILLÓNS TRINTA E SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS (4.037.564€).

2.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento.

3.- Aproba-la relación de postos de traballo coas seguintes modificacións respecto á actual:

- Se valora novamente o complemento específico da praza de funcionario/a denominado/a Adxunto/a á Secretaría-Intervención, para paliar a deferenza existente entre o mesmo Grupo-Escala e subescala. (se adxunta ficha de valoración do posto).



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

4.- Aprobar a plantilla de persoal, coas seguintes modificacións respecto á plantilla actual:

A) As prazas de laboral fixo, que a continuación se indican, se consignan con crédito cero no orzamento do ano 2016:

- Tecnic@ dinamización soci@ cultural
- Operari@ de servizos varios

B) Aumentase a xornada laboral da informadora xuvenil atendendo o aumento de traballo deste servizo nos últimos anos.

C) Se consignan dúas prazas laboral temporal de auxiliar de policía local (6 meses cada unha delas).

5.- Expoñer ó público durante un prazo de quince días, mediante edito no B.O.P. a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6.- No suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumidos por capítulos no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente coa plantilla de persoal e a relación de postos de traballo.

7. - Remitir copia do referido Orzamento á Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma.

DEBATE

O Sr. Alcalde di que traen hoxe aquí os orzamentos de 2016 para a súa aprobación. Un orzamento cun importe superior os 4 millóns de euros, concretamente 4.037.564. Un orzamento no que non se contempla débeda. Con este orzamento garantizan tódolos servizos municipais existentes. Prosigue decindo que é un orzamento equilibrado, realista e que atende, o seu parecer, as principais necesidades de competencia municipal. Hai unha consignación de 611.000 euros en inversións reais, entre as que se atopan melloras ambientais e patrimoniais, como a mellora de varias fontes e lavadoiros, melloras en saneamento, mellora e novos parques infantís, mellora de praias, climatización da casa cultura de Soutomaior e obradoiro de Alxán, mellora de vías en Lourido, Pedreira, Romariz, Comboa, Xesteira e Carballal, mellora dos vestiarios do campo de Fútbol de Candán, e Melloras no edificio do Concello. Diminúe a partida do suministro eléctrico froito das inversións feitas en anos anteriores neste ámbito. Así mesmo, contemplanse un incremento nas partidas de acción social, a partida do CIM, incrementándose as horas de atención da avogada, incrementase a partida de xuventude, tanto para actividades como para aumentar as horas da traballadora, incrementase a partida de fomento do emprego, de educación, de cultura e tamén no eido deportivo, tanto en actividades como en servizos. Ábrese a partida de fomento do comercio local con 10.000 euros e consígnanse 2 becarios/as para a oficina de turismo. Consígnanse 12.000 euros para por o día o inventario de bens municipais e, moi importante, van subvencionar por primeira vez unha porcentaxe do custo do transporte que utilicen os alumnos de bacharelato e FP que o fagan en transporte público no próximo curso. Polo tanto creen que se trata dun presuposto absolutamente realista, que incrementa practicamente todas as partidas máis importantes, para que as veciñas e veciños do noso Concello poidan seguir disfrutando das obras, servizos e actividades que lles veñen demandando.

O Sr. Lourenzo Sobral di que agradece o cambio de data do Pleno e



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

insiste en que sigan por ese camiño, tratando de facilitar o acceso dos/as representantes dos veciños e dos veciños en si mesmos. Pero é unha lástima que un pleno coma este siga sendo ás 13.00 h. Eles queren insistir que este horario impide a participación e dificulta a conciliación laboral e familiar tanto dos veciños como dos representantes dos mesmos. Respecto o tempo das convocatorias, lles parece que se deberían facer con máis tempo, non se pode pretender que en 2 días preparen estas cuestións, como o orzamento. Eles non teñen adicación exclusiva. Teñen unha vida familiar e profesional e polo tanto, esa extratexia do PP de poñer os plenos ao mediodía, non é de recibo e insisten, en termos democráticos, non hai nin unha soa razón para poñer os plenos a esa hora. E este horario obedece a unha táctica política e a eles lles dificulta en boa medida o seu traballo. Polo tanto vaia por diante o noso agradecemento ao grupo de goberno, tamén ao PSOE polo cambio de horario e pedimos ao PP que sexa o principio dun cambio de actitude cara a un concello máis democrático.

A Sra. Obelleiro Hermida di que antes de nada queren deixar constancia dunha serie de erratas que atoparon nos textos: Nas bases de execución do orzamento único 2016 na base 25 (Axudas de custo e indemnizacións especiais) no apartado A, punto 2, Asignacións grupos políticos: recóllese que o BNG ten 4 concelleiros e o PP 8 concelleiros. Di que comparando o anexo das inversións dos orzamentos co presuposto de gastos por clasificacións: non coinciden varias partidas: A continuación explica polo miúdo as diferencias atopadas. Non entenden como nos propios orzamentos que se nos presentan ás concelleiras e concelleiros pode haber partidas que non se corresponden. Parécenos unha falta de rigor que non aparezan as mesmas cantidades que tiñan que estar no anexo de investimentos. Isto non se pode aceptar, posto que non é serio que nos orzamentos pasen este tipo de cousas cando teñen que estar varias veces revisados. Tamén queren deixar constancia de que a descrición xenérica dos conceptos fai moi complicado, por non dicir imposíbel o seguimento dos gastos do concello. Deberíase facilitar a redacción ou unha mellor explicación para axilizar os trámites e comprobacións aos concelleiros e concelleiras.

Di que en canto a vinculación xurídica o que fai o goberno municipal do PP con esta vinculación é gastar o diñeiro dos contribuíntes sen dar explicacións aos veciños. Entenden que o goberno do señor Agustín Reguera leva a vinculación xurídica ao máximo, polo tanto non precisa modificacións do crédito. Para que nos entendamos, nunha mesma bolsa vai o peto de varias partidas, non poden gastar máis da totalidade, pero si poden gastar doutras partidas que non se corresponden con esta. No pleno extraordinario do 13 de novembro a interventora deste concello dixo cando se tratou unha modificación orzamentaria que a vinculación é moi alta aquí en Soutomaior. Eles piden que se restrinxa esta vinculación xurídica, da que fai uso o equipo de goberno, xa que é unha práctica caciquil e impide que saiban en que se está a gastar os cartos dos veciños e veciñas. Saben que é unha práctica que se leva a cabo noutros moitos concellos, pero aquí é excesiva, polo que solicitan que se restrinxa.

Di que xa lles quedou ben claro coa recente aprobación do PXOM, que o goberno municipal do Partido Popular non ten un modelo de concello. Comprobando estes presupostos se dan conta que non estaban enganados e que é así, non hai un modelo de concello. Que tipo de concello queremos ser?? Un pobo dormitorio dos arredores?? Que a xente só veña a durmir aquí? Nestes orzamentos no gasto de investimentos non hai partidas para a



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

vertebración do concello, nin humanización, nin fomento do comercio local. E máis do mesmo.

Contrastando estes orzamentos cos do ano anterior, si vemos unha maior partida en investimentos, posto que xa os presupostos son maiores, tanto os gastos como os ingresos son superiores. Aínda así botan en falta outro tipo de investimentos que teñan máis que ver coas persoas. Neste concello só se gasta en chapapote e cemento e non nas persoas. Ex: non hai investimento en xuventude, nin en muller e igualdade e o fomento do emprego ten un investimento real de 5000 €. Por suposto que entenden que hai que arranxar o que teñen e invertir para o seu mantemento, pero moitos dos investimentos até poderían considerarse gasto corrente e non investimentos novos como tal. Os investimentos son para facer cousas novas das que se carece, poñer pluviais onde non as hai, urbanizar, facer novas zonas verdes ou novos parques infantís, novas redes de sumidoiros e non todo arranxar o que xa hai con melloras e reposicións. Non di que non sexan necesarias, pero si que hai que pensar máis aló e isto dá unha idea da falta de proxecto do goberno do PP.

Non entenden a suba nos impostos directos que pasa de ingresar o ano pasado 847.764 €, a este ano 892.764 €, o que son 45.000 € máis. Na memoria explicativa dos orzamentos pon textualmente: O imposto sobre bens inmobles, consígnase a cantidade que estime recadar, máis as altas que se prevén en virtude da inspección que está levando a cabo a dirección Xeral do Catastro. Esta previsión púidose facer antes de subir o tipo impositivo no pleno extraordinario do 13 de novembro. Dixeron que van recadar o mesmo, entón estes 45.000 euros máis, de onde saen?. Di que é un sableo aos veciños, da igual que sexan novas altas como tal ou polo tipo impositivo, pero estan comprobando que sobe a recadación do imposto dos bens inmobles de natureza urbana de 550.000 € a 595.000 €.

A Sra. Montero Pérez di que por suposto están en contra do aumento nun 1% do soldo do Alcalde a da concelleira con dedicación exclusiva. Creen que son uns postos moi ben remunerados tal como están agora, e máis tendo en conta ós tempos que corren, onde á crise afecta a moitos dos nosos veciños, eses que cos seus impostos lles pagan ese soldo teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes.

Tamén, coma case sempre, protestar polo tempo que se da para o estudio de temas tan extensos coma estes, pois, se non fose porque se cambiou o pleno pola petición do compañeiro, tiñan 2 días, e aínda así, apenas unha semana máis é pouco para xente coma ela, que traballa todo o día.

Comparando a partida de ingresos polo IBI do ano pasado coa do presuposto deste vese un aumento de 22.235 €. Ese incremento na previsión débese as revisións catastrais que están recibindo os veciños este días?. Se a resposta é afirmativa: Merece a pena por un aumento nos ingresos do IBI, que supoñen algo menos dun 4% sobre os do ano pasado e un 0'5% respecto o total dos ingresos, cargar ós veciños con máis impostos, cando veñen anos soportando as subidas de impostos estatais e autonómicos dos Gobernos do PP?. Sobre todo, tendo en conta que estamos nun concello de máis que prudente solvencia. Porque a consecuencia do catastrazo e desa revisión catastral coa alteración do patrimonio dos veciños, ó final o pagan os de sempre, os veciños humildes que terán moitos problemas para asumir máis impostos, e esa xente é a que aínda non ve a recuperación económica da que tanto falan algúns. Se a resposta é negativa: Entón en qué se basa ese incremento estimado?

Non atopa o Balance de situación, ¿cando estará dispoñible?.

A Secretaria-Interventora Adxunta informa que é a Conta Xeral e aprobouse no mes de outubro.

O Sr. Alcalde di que sí teñen un modelo de Concello. Non deben estar moi desgustados os veciños porque lles demostraron ata agora a súa confianza. Di que en relación á vinculación, como ela di faise en todos os Concellos. Orzamentos continuistas, claro, porque seguen gobernando eles. Parques e zonas verdes, hai moitas e se fixeron por este goberno municipal. Incremento de soldo, se pode facer todo o populismo que se queira, pero isto foi acordado no Pleno do 24 de xuño de 2015, apartado 4º, por unanimidade. O IBI, incrementase en altas 22.000 €, sobre o recaudado en 2015, por previsión de altas. Non hai subida real do que se paga, salvo novas altas ou modificacións.

O Sr. Lourenzo Sobral di que o incremento de salario do Alcalde e da Concelleira foi un acordo plenario, pero eles se equivocaron. A documentación non a tiñan 48 horas antes, senon 36 horas antes. Si se lee a acta se ve o sentido do que din. Non están en contra de subida aos funcionarios, pero sí aos políticos.

A veciñanza está demandando participación. Hai orzamentos participativos en todas partes, pero aquí se elaboran absolutamente de costas aos representantes da maioría do pobo de Soutomaior. No se lles chamou nin para unha xuntanza para contrastar opinións sobre as necesidades do concello, nin unha sola comisión na que e pregunte cales consideran que son os investimentos a facer no concello. Xusto no momento en que a sociedade demanda unha maior participación, este grupo de goberno practica o despotismo político que o caracteriza e presenta unha proposta de orzamentos que, insisten, deixa fóra aos representantes da maioría do pobo de Soutomaior. Quere lembrarlle ó Alcalde que, a pesares de que os votos da marxe esquerda da mesa suman máis que os da marxe dereita (1987 votos fronte 1961 do PP), o grupo de goberno censura calquera participación ou opinión. O grupo municipal do BNG ponse a disposición para colaborar no que queiran.

O gasto corrente é elevadísimo, o que, engadindo o persoal, non deixa capacidade de manobra. Por fin hai unha partida de 10.000 € para a promoción do comercio local, benvida sexa.

Con respecto ó cambio na valoración do posto de Adxunta á Secretaría-Intervención, lles parece moi ben e queren que se reflecte na acta a boa valoración que eles teñen da Adxunta a Secretaría-Intervención.

Que é a vinculación? Imposible facer seguimento. Os niveis de vinculación deste concello conlevan pouca transparencia.

Di que son unha vila dormitorio, e pretenden seguir a selo. Se houberse orzamentos participativos, a xente diría cales son as necesidades. Nin un só investimento que vaia encamiñado á un modelo de concello determinado. Mariñeiro, turismo, industria... nin un só investimento. O triste é dicir que os investimentos máis importantes son para pavimentar algúns camiños, e para arranxar lavadoiros. Que non dicimos que non haxa que facelo. Pero esas son todas as vosas ideas? A propia redacción é ambigua, é xeral, é abstracta. O noso rural despobóase. Namentres a nosa mocidade ten que marchar por falta de oportunidades. Un concello que non ofrece posibilidades á xente que ata para o seu ocio, ten que irse fóra. Os datos de paro no concello son para botarse a tremer. E aquí fanse uns orzamentos para poñerlle un soldo aos amigos e para bachear camiños. Un concello sen



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

proxecto é un concello morto.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura ás alegacións presentadas por CCOO ás Bases que regulan o complemento de produtividade do Concello, e manifesta que consideran que se debe estimar a alegación nº 5.

A Sra. Montero Pérez quere deixar constancia que no Pleno do 24 de xuño de 2015 ela non estaba porque estaba operada.

O Sr. Alcalde di que por iso lle preguntou.

O Sr. Alcalde di que é un Concello moi vivo, son uns presupostos que van a facer que se sigan facendo obras, servizos, etc.

O Sr. Lourenzo Sobral di que, respecto ós criterios de produtividade, que o equipo de goberno resolva as cuestións de acordo coas centrais sindicais.

VOTACION:

Rematado o debate procedese á votación e con sete votos a favor (do grupo político do PP) e seis votos en contra (dos 5 membros do grupo político do BNG e da membro do Grupo mixto), o Pleno do Concello acorda aprobar o Ditame devandito incorporando as seguintes modificacións:

1.- Corríxese a errata apreciada na Base 25 apartado A) punto 2 relativa ao número de concelleiros de cada grupo político.

2.- Modifícase un dos criterios da produtividade regulados na Base 22 apartado 1 punto E) no seguinte sentido:

-- Se suprime o apartado a valorar "capacidade de liderazgo"

-- No apartado " A flexibilidade, adaptabilidade e disposición a asumir novas tarefas, engádesse "que se correspondan coa categoría profesional do traballador/a".

3º.- DACIÓN CONTA E RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN Nº054/16 (registro xeral facturas)

Dado que se trata dun asunto a ratificar, que non foi proposto para o seu exame e ditame da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, o Pleno do Concello adopta o acordo de pospoñer este punto para o próximo Pleno ordinario.

4º.- DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN Nº 61/16 (incorporación remanentes)

Se da conta da Resolución da Alcaldía nº 61/16, de data 7 de marzo de 2016, seguinte:

Asunto: Modificación de créditos n 1/16 por incorporación de remanentes de créditos

Visto o expediente tramitado 42/2016 para a aprobación da modificación de créditos núm. 1/2016, coa modalidade de incorporación de remanentes de créditos, no que consta o informe favorable da Secretaria-Interventora Adxunta.

No exercicio das atribucións que me confiren as bases de execución do vixente orzamento en relación co artigo 182 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, e os artigos 47 a 48 do Real decreto 500/1990, de 20



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

de abril,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente 42/2016 de modificación de créditos núm. 1/2016, coa modalidade de incorporación de remanentes de crédito, de acordo ao seguinte detalle^[1]:

Altas en aplicación de gastos

APLICACIÓN ORZAMENT.	DESCRICIÓN	FASE GASTO	IMPORTE
151.22706	Proxecto urban. Plan especial dotación C.Ensino Secundario	AD	14.801,69
164.22799	Servizo inhumación e exhumación	AD	11.616,00
170.22799	Informe vixilancia e control vertedeiro RSU	AD	3.146,00
2313.22699	Impartición aula reforzo educativo de outubro a decembro/15	AD	1.200,00
2313.22699	Impartición curso guitarra, 3º trim/15	AD	960,00
2313.22699	Impartición curso inglés, 3º trim/15	AD	1.080,00
2313.22699	Impartición talleres expresión dramática e plástica, 3º trim/15	AD	2.146,41
2313.22699	Impartición escola debuxo e pintura, 3º trim/15	AD	1.822,00
3321.632	Acondicionamento aula estudo na biblioteca	AD	6.020,36
3321.635	Estanterías aula estudo Biblioteca	AD	5.127,68
340.22799	Clases ximnasia rítmica	AD	780,00
340.22799	Impartición clases natación nenos e adultos, 3º trim/15	AD	1.283,85
340.480	Club Amigos WHU-SHU Subvención/15	AD	600,00
450.619	Melloras vías municipais en Soutomaior	AD	24.931,34
920.22799	Servizo prevención riscos laborais a 31/05/16	AD	1.382,12

920.22799	Modif. da numeración rúas e adaptación ao I.N.E...	AD	6.171,00
931.22799	Servizo inspección taxa utiliz. vías p. por empresas subministradoras	AD	7.861,76
TOTAL			90.930,21

Esta modificación finánciase con cargo a Remanente líquido de Tesourería , nos seguintes termos:

Altas en concepto de Ingresos		
ECONÓMICA	Descrición	Euros
Concepto		
87000	Remanente de Tesoureria para gastos xerais	90.930,21
TOTAL		90.930,21

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que este celebre, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Soutomaior a 7 de marzo de 2015

[1] A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, indica que as aplicacións orzamentarias definiranse, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica. Resultará obrigatoria en ambas a presentación, polo menos, a nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente. A estrutura que se especifica no anexo I da Orde sobre a clasificación por programas debe considerarse pechada e obrigatoria naquelas categorías xa existentes, podendo desenvolverse novas a partir delas. Ademais, a categoría subprogramas será aberta.

O Pleno do Concello se da por enterado

5º.- DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2015

Se da conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 4 de marzo de 2016, seguinte:

Visto que con data 25/02/16 foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

E que con data 25/02/16, foi emitido Informe de Intervención sobre Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, regra de gasto e limite de débeda pública

En cumprimento do disposto nos arts. 191 ó 193, ámbolos dous inclusive do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , e 89 e seguintes do R.D.500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo 1 do título 6 da lei referida, a Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias delegadas polo Sr. Alcalde por Resolución 287/15 de data 15/06/15 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO-De conformidade có recollido nos documentos contables e orzamentarios unidos ao presente expediente, a Liquidación do Orzamento Xeral da Entidade do exercicio 2015 presenta o seguinte resume numérico:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS EXERCICIO CORRENTE	
Créditos orzamentarios iniciais	3.454.370,00
Modificacións orzamentarias	1.091.493,88
Créditos orzamentarios definitivos	4.545.863,88
Obrigacións recoñecidas netas	4.090.866,41
Pagos realizados	3.923.247,80
Obrigacións pendentes de pago	167.618,61

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS EXERCICIO PECHADOS	
Obrigacións recoñecidas netas	100.024,23
Pagos realizados	100.024,23
Rectificacións obrigas recoñecidas	0,00
Obrigacións pendentes de pago	0,00

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS EXERCICIO CORRENTE	
Previsións iniciais	3.454.370,00
Modificacións	1.091.493,88
Previsións definitivas	4.545.863,88
Dereitos recoñecidos netos	4.178.953,73



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Recadación neta	3.966.635,76
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	212.317,97
Exceso de previsión de ingresos	-366.910,15

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS EXERCICIOS PECHADOS

Dereitos recoñecidos	174.952,61
Rectificacións	0,00
Anulacións	-134,05
Dereitos recoñecidos netos	174.818,56
Dereitos recadados	170.306,90
Pendente de cobro	4.511,66

A) OS DEREITOS PENDENTES DE COBRO E AS OBRIGACIÓN PENDINGES DE PAGO A 31 DE DECEMBRO:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO Ó FINAL DO EXERCICIO

Orzamento ingresos exercicio corrente	212.317,97
Orzamento ingresos exercicios pechados	4.511,66
Operacións non orzamentarias	0,00
TOTAL	216.829,63

CRÉDITOS PENDENTES DE PAGO Ó FINAL DO EXERCICIO

Orzamento gastos exercicio corrente	167.618,61
Orzamento gastos exercicios pechados	0,00
Operacións non orzamentarias	152.175,06
TOTAL	319.793,67

B) RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

1	Dereitos recoñecidos (+)	4.178.953,73
2	Obrigas recoñecidas (-)	4.090.866,41
3	Resultado orzamentario (1-2)	88.087,32
4	Desviacións positivas de financiación (-)	189.798,75
5	Desviacións negativas de financiación (+)	385.062,52
6	Gastos financiados con Remanente líquido de Tesourería (+). Se adxunta Anexo	214.653,83
7	Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6)	498.004,92

Que o Resultado Orzamentario do exercicio foi axustado **en función das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais (exclúense as financiadas con remanente de tesourería afectado)** e coas Desviacións Positivas e Negativas de Financiación do Exercicio resultando un Resultado Orzamentario Axustado positivo de **498.004,92 euros**.

C) REMANENTE DE CRÉDITO:

REMANENTE DE CRÉDITO:	
Créditos definitivos	4.545.863,88
Obrigas recoñecidas netas	4.090.866,41
Deferencia	454.997,47
Remanente comprometidos:	
Incorporables	119.449,14
No incorporables	
Remanente non comprometidos:	
Incorporables	335.548,33
No incorporables	
TOTAL	454.997,47

D) REMANENTE DA TESOURERÍA :

REMANENTE DE TESOURERÍA



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

1	Fondos líquidos fin do exercicio	1.168.849,23
2	Dereitos pendentes de cobro (+)	216.829,63
3	Obrigas pendentes de pago (-)	319.793,67
4	Remanente de Tesorería (1+2-3)	1.065.885,19
5	Saldo de dubidoso cobro (-)	3.350,52
6	Exceso de financiación afectada (-)	955,00
7	Remanente de Tesourería para gastos xerais (4-5-6)	1.061.579,67

O Remanente de Tesourería foi axustado coas Desviacións Positivas de Financiación Afectada, e coos saldos de dubidoso cobro o que pon de manifesto un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais *positivo de 1.061.579,67€ que permitirá financiar expedientes de modificación orzamentaria de acordo co establecido no artigo 177.4 TRLRFL.*

E) OS ESTADOS FINANCEIROS DE AFORRO NETO E DE ENDEBEDAMENTO LOCAL, mostran as seguintes ratios:

AFORRO NETO	CORPORACIÓN	
DRN a 31-12-2015 (capítulos 1 a 5)	a	3.794.640,60
ORN a 31-12-2014 (capítulos 1,2 y 4)	b	3.108.813,37
Deferencia: a - b	c	685.827,23
Axustes por ORN financiadas con RLT(cap. 1,2d e 4)		96.427,55
Aforro Bruto: Deferencia axustada: c + d	e	782.254,78
Anualidade Teórica de Amortización 31/12/15	af	0,00



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ATA axustada (operacións a longo prazo non canceladas)		-----
Ingresos correntes de carácter afectado a inversións (multas coercitivas, aprov. urbanísticos, multas infraccións urbanist., cont. especiais...)	ah	0,00
Aforro Neto: (e - f - g - h)	i	782.254,78
Ratio de Aforro Neto: AN = (i/a)		20,61

ATA (anualidade teórica de amortización) axustada: sería para o caso de que exista un préstamo con garantía hipotecaria . Na anualidade teórica de amortización non se computa a devoluc. Tributos do Estado 2008 e 2009 xa que os dereitos recoñecidos do capítulo 4 son polo importe neto do dereito menos a compensación ("anualidade da devolución"), polo que non debe computarse como anualidade teórica, pois se duplicaría o gasto da compensación: no capítulo 4 de ingreso e na "anualidade teórica"

ENDEBEDAMENTO LOCAL	CORPORACIÓN
DRN a 31-12-15 (capítulos 1 a 5)	a 3.794.640,60
Capital vivo de operacións de crédito 31/12/2015	b 0,00
Devolucion liquid/2008 e liq./09 participacion tributos Estado (no computan los saldos da PTE)	d 0,00
Total Capital vivo a 31/12/14 (b+c+d)	f 0,00
Ratio de Endebemento : EL = (f/a) x 100	0,00

SEGUNDO.-

O Aforro Neto é positivo na cantidade de 782.254,78€ . E o nivel de endebedamento ascende a 0 euros.

TERCEIRO.-

En canto o cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria , sinalar que o artigo 16.2 do REO establece no apartado segundo que a *Intervención local elevará ó Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da propia entidade local. O informe emitese con carácter independente e incorporarase ós previstos nos artigos 168.4. 177.2 e*



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do presuposto xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

*Do informe de intervención se desprende que se Concello **CUMPRE o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e o nivel de Débeda Pública e INCUMPRE a Regra de gasto***

CUARTO.-O órgano competente para a súa aprobación é o Sr. Alcalde, e por delegación da Alcaldía mediante Resolución 287/15 de data 15/06/15 a Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Aprobada darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

O Pleno do Concello se da por enterado

6º.- DACIÓN CONTA PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PARA O PERÍODO 2017-2019

Se da conta da Resolución da Alcaldía nº 66/16, de data 10 de marzo de 2016, seguinte:

ASUNTO: Aprobación Plan Orzamentario a medio prazo para o período 2017-2019

O capítulo VI da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEOSF), relativo á xestión orzamentaria, reforza a planificación orzamentaria a través da definición dun marco orzamentario a medio prazo, que se axusta ás previsións da Directiva 2011/85/UE do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos estados membros.

Para a planificación orzamentaria anual, debese adoptar unha perspectiva plurianual e perseguir a consecución dos obxectivos orzamentario a medio prazo.

Conforme ao art. 10 da Directiva 2011/85/UE, as proxeccións de ingresos e gastos e as prioridades derivadas do marco orzamentario a medio prazo, constituirán a base da elaboración do orzamento anual.

Establece o art. 5 LOEOSF que «a elaboración dos orzamentos das Administracións Públicas se encadrará nun marco orzamentario a medio prazo, compatible có principio de anualidade polo que se rexen a aprobación e execución dos orzamentos, de conformidade coa normativa europea ».

Todas as entidades locais veñen obrigadas a aprobar un marco orzamentario a medio prazo, que abarcará un período mínimo de tres anos, no que se enmarcarán os seus orzamentos e que garantirán unha programación coherente cos obxectivos de estabilidade e débeda pública. Os parámetros que debe conter este marco recóllense no art. 29.2 LOEOSF.

A Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información, no seu art. sexto, baixo o título «Información sobre os marcos orzamentarios», dentro do capítulo II «Disposicións comúns para Comunidades Autónomas e Corporacións Locais», establece que antes do 15 de marzo de cada ano, de acordo co obxectivo de estabilidade e débeda pública que previamente suministre o estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais.

A citada orde no seu artigo 5 establece que esa remisión deberá



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

efectuarse por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o MHAP habilite ao efecto.

Confeccionado os marcos orzamentarios con respecto aos exercicios 2017-2019, atendendo as previsións da liquidación do exercicio 2016 e establecido o prazo máximo de envío ata o día 14 de marzo de 2016, acordo de conformidade coas competencias que atribúen o 21 da Lei 7/85 de 2 de abril a reguladora de bases de réxime local e 61 da Lei de 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia:

Visto que con data 10 de marzo de 2016, emitíuse informe de Intervención sobre a elaboración do marco orzamentario.

Examinada a documentación que a acompaña e de acordo con esta, en relación co establecido no 29 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de Abril, de Estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e de conformidade co disposto no artigo 21.1s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar os Plans Orzamentarios a medio prazo para o trienio 2017-2019, de conformidade cos datos calculados en relación a previsión da liquidación de 2016 segundo os datos que constan na contabilidade municipal e que servirá de base para a elaboración do Programa de Estabilidade.

SEGUNDO.- Remitir o Marco Orzamentario a medio prazo do Concello ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polos medios telemáticos habilitados para o efecto.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución o pleno municipal para o seu coñecemento .

O Pleno do Concello se da por enterado

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e cinco minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.